

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS**

**CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL:**

**“EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO MUNICIPAL, EXISTENTE NO  
PARQUE PÚBLICO INFANTIL DO ESPÍNEIRO, E PARA A  
INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE TERRAZA ANEXA”**

DATA: 18 DE ABRIL DE 2016

SINATURA: ARQUITECTO MUNICIPAL – RAFAEL VÁZQUEZ ABAL





## **ASUNTO: PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO EXISTENTE NO PARQUE DO ESPIÑEIRO E TERRAZA ANEXA.**

---

Tal como se establece no prego de cláusulas administrativas que regula o contrato, na cláusula 9 establecece o criterio de adxudicación pendente de xuízo de valor, no que se valorará a calidade das instalación e do servizo; dado que a explotación do quiosco ten vinculada unha terraza anexa de 48,00 m<sup>2</sup>; valorarase dentro das propostas a calidade da prestación do servizo desta terraza, no que se prestará unha especial atención a calidade dos materias como do deseño da mesma; ase para a valoración dos incrementos de calidade do servizo obxecto do contrato, deberá establecer as seguintes prescricións técnicas:

1.- Memoria que describa da prestación do servizo na que se contemple obrigatoriamente o plan de conservación e mantemento do local (quiosco) e instalacións anexas (baños públicos e terraza).

2.- De ofertar como incremento de calidade na prestación do servizo e súa explotación, a cubrición e peche da terraza anexa a explotación de 48 m<sup>2</sup>; deberá aportar:

- a) Memoria descriptiva de cómo se realizará esta cubrición, especificando si solo é unha cubrición, si se realiza asemade o peche perimetral, materiais e cores a utilizar; si a cubrición se manterá todo ano ou en certos períodos; etc.




- b) O sistema de cubrición deberá realizarse obrigatoriamente por un sistema estrutural desmontable; debendo definir o sistema e material a utilizar; definir o sistema de cubrición e peche perimetral con descrición dos materiais e cores a utilizar; e definir si se realiza unha mellora no solado da terraza. Para a definición deste elemento valorarase a aportación de documentación gráfica de planos de planta, fachadas e de volume que axuden a definición e valoración desta mellora; ase como canta documentación se considere oportuna para a comprensión da mellora de calidade ofertada.
- c) Definir a calidade do mobiliario a utilizar na terraza.
- d) Valoración económica desta mellora de calidade na prestación do servizo; definindo as diferentes unidades con descrición detallada das mesmas, superficie e prezo de cada unidade.
- e) Se a mellora proposta, non reúne as condicións mínimas de calidade que se consideren adecuadas para o entorno; a mellora non será valorada como tal.

Sanxenxo a 18 de abril de 2.016

O arquitecto municipal.



Rafael Vázquez Abal.



EXCELENTÍSIMO  
CONCELLO DE SANXENXO

QUIOSCO DE "O ESPÍNEIRO"

PLANO Nº  
1

ESCALA: 1/1000

PLANO

SITUACIÓN

FECHA: Abril-2016

Entorno do parque do Espiñeiro



